Excepcionalmente, poderase obter unha cualificación de 5 nun trimestre sen ter aprobado todos e cada un dos exames realizados nese trimestre, sempre que como mínimo se chegue a unha puntuación media nas probas escritas de 4,50 puntos, e a actitude, traballo e participación xustifiquen o 0,50 restante.

#### **Avaliación final.**

Ao remate do terceiro trimestre farase unha proba final de recuperación, á que terá que presentarse o alumnado que teña algunha avaliación suspensa.

#### **Avaliación extraordinaria.**

O alumnado que non aprobe a materia na convocatoria ordinaria, deberá presentarse á proba extraordinaria, que xa non terá lugar en setembro, senón entre o 20 e o 22 de xuño. Consistirá nunha proba escrita na que se avalía toda a materia impartida durante o curso. A cualificación da avaliación extraordinaria será a nota do exame redondeada por defecto.

Nas dúas semanas entre a avaliación final ordinaria (que se celebrará a partir do 6 de xuño) e a data da proba extraordinaria, realizaranse actividades de recuperación e de reforzo para o alumnado suspenso de cara á superación da proba extraordinaria.

#### **Criterios de cualificación.**

Cada estándar de aprendizaxe valorarase entre 1 e 0 puntos, considerándose acadado se a puntuación do mesmo é de 0,5. Para valorar o grao de consecución de cada estándar, aplicarase a seguinte escala:

INDICADOR DE LOGRO	VALORACIÓN
Cuestión non respondida ou resposta non pertinente	0
Apórtase información insuficiente	0,25
Apórtase información suficiente, pero nun grao mínimo	0,50
Apórtase información que supera o grao mínimo pero incompleta ou con algún erro	0,75
Apórtase información completa e sen fallos	1

Cada estándar ten o mesmo peso ou ponderación (2,22% sobre o total). Tendo en conta a súa distribución estimada por avaliaciós, o peso dos estándares quedaría como segue:

Avaliación	Primeira	Segunda	Terceira	Final
Nº estándares	16	21	8	45
% ponderación de cada avaliação na avaliação final	35,6 %	46,7 %	17,8 %	100%

Se expresamos o peso dos estándares por bloques de contidos, teremos a seguinte distribución:

Bloque de materia	Nº estándares asociados	Avaliación	Ponderación do bloque no total
Bloque 1 (temas 1,2)	7	1 <sup>a</sup>	15%
Bloque 2 (temas 3,4)	9		20%
Bloque 3 (temas 5,6)	11	2 <sup>a</sup>	25%
Bloque 4 (tema 7)	7		15%
Bloque 5 (temas 8,9)	3	3 <sup>a</sup>	15%
Bloque 6 (temas 10,11)	5		10%
	45		100%

A cualificación de cada avaliação vaise obter a partir da consideración das seguintes ponderacións:

PROCEDEMENTO	COMENTARIO	PONDERACIÓN
Proba específica	Proba escrita con contidos teórico-prácticos. A valoración de cada unha das cuestións recollidas na proba coñecerase no momento de realizala.	80%
Análise de producións do alumnado	Resolución de exercicios e problemas, exposicións orais, textos escritos, cuestionarios. As cuestións propostas para casa tráense contestadas Nas producións escritas esixirase boa presentación e limpeza.	15%
Observación e rexistro	Traballo en clase: seguimento das explicacións, realización das tarefas encomendadas. Participación na clase: fanse achegas cando o solicita a profesora; pregúntanse dúbidas relacionadas coa materia. Comportamento na aula: valoraranse negativamente as interrupcións do normal desenvolvemento da clase.	5%

En tódalas probas escritas valorarase a expresión do alumnado. Como medida encamiñada á mellora da expresión escrita, poderán ser obxecto de penalización as faltas de ortografía cometidas (0,1 punto por falta leve e 0,2 puntos por falta grave, ata un máximo de 2 puntos). Dita penalización poderá non materializarse se, sinalada a falta, o propio alumno ou alumna se auto-corrixe.

## 7.9. Avaliación inicial

---

Nas sesións iniciais do curso levarase a cabo unha avaliación inicial consistente nunha proba para valorar os coñecementos previos do alumnado, así como as súas capacidades de expresión escrita, comprensión e razonamento. Esta proba servirá tamén para a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo.

## 7.10. Medidas de atención á diversidade

---

A atención á diversidade é a resposta educativa axeitada ás distintas necesidades, intereses e capacidades que poida presentar o alumnado. No suposto de contar con alumnos con necesidades educativas especiais, será preciso adaptar metodoloxía, contidos e actividades ás capacidades e limitacións dos citados alumnos, aínda tratándose dunha etapa na que o ensino non é obligatorio.

De identificar distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, será necesario propor actividades de aprendizaxe diferenciadas:

Actividades de reforzo: abordaranse os conceptos claves da unidade, permitindo a adaptación para aquel alumnado que teña dificultades para alcanzar os coñecementos traballados.

Actividades de ampliación: por exemplo, indicacións de textos de lectura para alumnado más avantaxado, que lle permitan profundar nalgún aspecto concreto, favorecendo así o traballo autónomo.

## **8. Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial**

---

### **8.1. Introdución**

---

Esta materia vai dirixida, como materia troncal de opción, ao alumnado de 4º ESO que curse a opción de ensinanzas profesionais. Pretende facilitar a inserción do alumnado no mercado laboral, sexa por conta allea ou por conta propia. Os nosos propósitos: que os estudiantes poidan definir un itinerario que lles permita alcanzar metas persoais e profesionais; que coñezan as normas que rexen a relación laboral; que se familiaricen coas áreas da empresa e o seu funcionamento, para o que traballarán a nivel básico un proxecto empresarial; e por último, que estuden os aspectos esenciais na constitución real dunha empresa (forma xurídica, financiamento, viabilidade do proxecto, impostos).

### **8.2. Obxectivos da materia Iniciación á Actividade**

#### **Emprendedora e Empresarial**

---

1. Investigar sobre os intereses e calidades persoais en relación ás demandas dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.
2. Ir tomando decisións sobre o itinerario profesional propio en relación a seus intereses e calidades persoais previamente investigados e relacionados co emprego.
3. Coñecer os dereitos e deberes laborais dos traballadores, así como a acción do Estado e da Seguridade Social na protección das persoas empregadas e a necesidade da prevención dos riscos laborais.
4. Crear un proxecto de empresa, identificando os distintos factores que inciden sobre a mesma, así como a incidencia desta sobre a sociedade, a súa importancia como axente de producción de bens e servizos, o contorno empresarial ou a estrutura interna da empresa, entre outros.
5. Ser quen de recompilar información e tramitala de xeito adecuado, atendendo ás solicitudes de documentación derivadas da posta en marcha da empresa por parte das Administracións Públicas.

6. Coñecer as principais formas xurídicas da empresa e ser conscientes da prescrición legal de adoptar unha delas, así como saber os distintos requisitos asociados ás mesmas.
7. Identificar as distintas fontes de financiamento, diferenciando o financiamento propio e alleo, e coñecer a posibilidade de obtención de financiamento a través dunha Administración Pública.
8. Determinar os investimentos necesarios analizando as distintas partidas recollidas nun Balance de Situación.
9. Coñecer as obrigas fiscais e de Seguridade Social das empresas.

### **8.3. Relación entre estándares de aprendizaxe e competencias ás que contribúen**

---

Relación entre estándares de aprendizaxe availables e competencias a que contribúen							
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE						
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.				X		X	
IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.			X	X		X	
IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.				X		X	
IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.					X	X	
IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.		X			X	X	
IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	X				X	X	
IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica más salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente		X		X		X	

establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.							
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>						
<b>Bloque 2. Proxecto de empresa</b>	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.				X		X	
IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de producción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).		X	X			X	
IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	X	X				X	
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	X	X				X	
IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.		X	X	X			
IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, reconecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	X	X	X			X	

IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	X	X	X			X		
IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de producción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumplir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.		X	X	X		X		
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>		<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.		X	X			X		
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>		<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>						
<b>Bloque 3. Finanzas</b>		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.		X					X	
IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.		X	X				X	
IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.		X			X			
IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que		X		X		X		

se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.							
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>		<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>					
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.		X	X			X	
IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.		X	X			X	
IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico- financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.		X	X	X		X	
IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros más axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os más acaído para o proxecto de empresa.		X	X	X		X	
IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.		X	X			X	
IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostento das cargas do Estado.				X	X		

## 8.4. Contidos. Secuenciación e temporización

---

Establécese a seguinte secuenciación de contidos en Unidades Didácticas:

Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación	
U.D. 1	Espírito emprendedor
U.D. 2	Constrúe o teu futuro
U.D. 3	As relacións laborais
Bloque 2. Proxecto de empresa	
U.D. 4	Plan de empresa
U.D. 5	Información na empresa
U.D. 6	Actividades na empresa. Producción. Comercialización
U.D. 7	Axudas e apoio á creación de empresas
Bloque 3. Finanzas	
U.D. 8	Forma xurídica
U.D. 9	Financiamento. Planificación financeira
U.D. 10	Fiscalidade empresarial

A materia desenvolverase en tres sesións semanais de 50 minutos cada unha. O número aproximado de sesións lectivas neste curso 21\_22, ata a data establecida no calendario escolar para as sesións de avaliación final ordinaria (a partir do 6 de xuño), é de 93; resérvanse 12 á realización das diferentes probas e exames (9), presentación da materia (1), corrección de exames e entrega de cualificacións (2) . Está prevista a seguinte distribución temporal :

1<sup>a</sup> avaliación (aproximadamente 33 sesións) : Unidades Didácticas 1 a 4 (parte).

2<sup>a</sup> avaliación (aproximadamente 24 sesións) : Unidades Didácticas 4 (parte), 5, 6, 7.

3<sup>a</sup> avaliación (aproximadamente 24 sesións) : Unidades Didácticas 8, 9, 10.

O período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño de 2022 dedicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

A temporización é meramente orientativa. A dinámica da aula e as necesidades do alumnado que a integra poden na práctica xustificar axustes na mesma.

## **8.5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe available de: temporización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedimentos e instrumentos de avaliación**

---

### **Procedementos e instrumentos de avaliação.**

Os procedementos de avaliação que se utilicen van permitir a integración das competencias clave nun marco de avaliação coherente.

Á hora de avaliar ao alumnado, teranse en conta as producións do alumnado, tanto escritas como orais, a valoración da atención, actitude e traballo diario do alumno ou alumna, os traballos individuais ou de grupo, e as probas específicas realizadas, como mínimo unha por trimestre. En particular, o alumnado terá que realizar a partires do 2º trimestre un plan de empresa sinxelo, e no 1º ou 3º trimestre un traballo escrito ou unha proba escrita dun libro relacionado coa materia.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Observación	Escalas de observación para valorar o traballo na aula: actividades realizadas, resposta ás cuestiós propostas pola profesora sobre os contidos tratados previamente; participación do alumno/a.
Análise das producións do alumnado	Cuestionarios abertos/pechados; resumos; textos escritos; producións orais. Traballos de aplicación e síntese.
Probas específicas	Probas obxectivas

Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación

AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación</b>							
a Av.	1	e g	B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.	B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	Diferenza entre emprendedor e empresario. Identifica distintas calidades persoais dos emprendedores. Recoñece distintos mitos en torno ao emprendedor.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Textos escritos Seguimento do traballo na aula
			B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.		IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	Busca información en Internet sobre a actividade e os perfís profesionais demandados por unha empresa do contorno.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Textos escritos Seguimento do traballo na aula
2	b g	B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de	B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	Deseñar o itinerario formativo propio. Valorar as distintas alternativas laborais que se poden presentar.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Textos escritos Seguimento do traballo na aula	

Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación							
AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1ª Av.			decisións sobre o aprendizaxe ao longo da vida. itinerario persoal.				
	3	a c g m	B1.4. Dereito do traballo.  B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.  B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.  B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.  B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.  B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación	B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.  IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obligas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.  IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obligas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as	Identifica os colectivos que participan no mercado de traballo.  Calcula e interpreta a taxa de desemprego.  Identifica dereitos e deberes básicos da relación laboral.  Coñece os tipos de contratación existentes e os aspectos básicos do contrato de traballo.  Describe o funcionamento do sistema: obrigados a cotizar,	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática  <b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula  <b>PROCEDIMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática  <b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula  <b>PROCEDIMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática

## Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación

AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1ª Av.	3		da protección na empresa.		dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	prestacións; continxencias.	<b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
					IAEEB1.3.4. Identifica as situacíons de risco laboral más habituais nos sectores de actividad económica más salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	Identifica situacíons de risco laboral e indica medidas preventivas.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Producións orais Seguimento do traballo na aula

## Bloque 2. Proxecto de empresa

1ª Av.	4	d g	B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.	B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como proveedores/as, clientela, sistemas de producción e comercialización, redes de	IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	Define e avalía unha idea de negocio.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Seguimento do traballo na aula
			B2.2. Elementos e estrutura da empresa.				
			B2.3. Plan de empresa.		IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que	Identifica elementos da empresa. Diferenza entre contorno	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Cuestionario
			B2.4. Planificación na				

**Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación**

AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1ª Av.	4		empresa.	almacenaxe, etc.	constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de producción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).	xeral e específico, e analiza este último.	Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
					IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	Describe actividade, mercado, produto, e define a estrutura organizativa do seu proxecto.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Seguimento do traballo na aula
					IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	Elabora un DAFO da idea de negocio propia.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Seguimento do traballo na aula
5		b g h	B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos	B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental	IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión	Toma de contacto con algunha aplicación contable sinxela.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación

**Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación**

AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARDES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
2ª Av.	5		comerciais de empresarial. cobramento e pagamento. Arquivo.		<p>financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.</p> <p>IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, reconhecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.</p>		<p>Seguimento do traballo na aula</p> <p><b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Cumprimentación de documentos Seguimento do traballo na aula</p>
6, 7		g, h, i	B2.6. Actividades na empresa. Función de producción e comercialización propia da empresa proxectada, comercial e de marketing.  B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas.	B2.3. Realizar actividades de producción e comercialización aplicando técnicas de comunicación e trabalho en equipo.	<p>IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do marketing.</p> <p>IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de producción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumplir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.</p>	<p>Deseño de marca, logo e eslogan publicitario.</p> <p>Definición da estratexia de marca.</p> <p>Identifica os factores de localización industrial e comercial.</p>	<p><b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Seguimento do traballo na aula</p> <p><b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Seguimento do traballo na aula</p>

Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación							
AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
2ª Av.					IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	Consulta na web axudas dispoñibles para o proxecto de empresa.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese Seguimento do traballo na aula
<b>Bloque 3. Finanzas</b>							
3ª Av.	8	a d g h i ñ	B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.  B3.2. Elección da forma xurídica.  B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa.		IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	Coñece as características básicas das formas xurídicas más habituais.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
					IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	Accede por vía telemática aos documentos relevantes para a posta en marcha da empresa.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
					IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de	Coñece os principais trámites de posta e marcha.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática

Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación							
AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
3ª Av.					empresas, e describe os trámites que se deben realizar.		<b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
					IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica más axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a disponibilidade financeira e a fiscalidade.	Coñece e aplica os factores a ter en conta á hora de elixir a forma xurídica.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Análise das producións do alumnado Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Resolución de exercicios e problemas Seguimento do traballo na aula
9	b f g	B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, crowdfunding) e internas (accionistas, inversores/as e aplicación de beneficios).  B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e	B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as más axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.		IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	Identifica investimentos necesarios para poñer en marcha unha empresa, diferenciando entre inmobilizado e activo corrente.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
					IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	Identifica fontes de financiamento propio e alleo, e avalía a súa adecuación a cada caso concreto.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Cuestionario Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Cuestionario abierto/pechado Seguimento do traballo na aula
3ª Av.							

Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación							
AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
3ª Av.	9		medianas empresas (PME): comparación.				
			B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.	B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligánda a á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.	IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico- financeira a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	Análise de viabilidade do proxecto.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Seguimento do traballo na aula
					IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros más axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os más acaído para o proxecto de empresa.	Selección de alternativas de financiamento en condicións reais de mercado.	<b>PROCEDIMENTOS:</b> Observación sistemática <b>INSTRUMENTOS:</b> Seguimento do traballo na aula

Estándares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación							
AVALIACIÓN	UD	OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
10	b f g i ñ	B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.	B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.		IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	Identifica e caracteriza os principais impostos que afectan ás empresas.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Cuestionario <b>INSTRUMENTOS:</b> Observación sistemática
					IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostento das cargas do Estado.	Valora a achega impositiva da empresa á riqueza nacional.	<b>PROCEDEMENTOS:</b> Intercambios orais co alumnado <b>INSTRUMENTOS:</b> Posta en común

## 8.6. Metodoloxía

---

En xeral, en cada Unidade Didáctica, unha vez presentados os seus contidos e indagado o nivel de coñecementos previos do alumnado, procederase do seguinte xeito:

- Exposición e explicación organizada dos contidos, establecendo unha secuencia lóxica entre eles sen perder de vista a súa interconexión.
- Proposta de cuestiós que conecten os contidos coa realidade coñecida.
- Elaboración de cadros e esquemas que faciliten a comprensión.
- Resolución de actividades de reforzo e ampliación ao final de cada unidade didáctica.
- Lectura e comentario de artigos e noticias de actualidade económica.

A partir do curso escolar 2020\_2021, articuláronse os recursos que permiten a impartición dos contidos tanto de xeito presencial como a distancia, a través da aula virtual Moodle do centro.

## 8.7. Materiais e recursos didácticos

---

- ✓ Bibliografía de consulta.
- ✓ Apuntes elaborados a partir das explicacións dadas na aula, así como exercicios e actividades traballados e comentados na clase.
- ✓ Artigos e novas aparecidos nos xornais.
- ✓ Consulta de webs que ofrecen información e datos de carácter económico.
- ✓ Documentais e outros recursos audiovisuais de interese para os contidos tratados.

## 8.8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

---

### Avaliación continua.

Á hora de avaliar ao alumnado, teranse en conta as probas específicas realizadas (como mínimo unha por trimestre), as producións escritas e orais, os traballos individuais e de grupo,

e a valoración da atención, actitude e traballo diario do alumno ou alumna. A cualificación mínima para obter o aprobado é de 5.

### Avaliación final.

Ao remate do terceiro trimestre farase unha proba final de recuperación, á que terá que presentarse o alumnado que teña algunha avaliación suspensa.

### Avaliación extraordinaria.

O alumnado que non aprobe a materia na convocatoria ordinaria, deberá presentarse á proba extraordinaria, que xa non terá lugar en setembro, senón entre o 20 e o 22 de xuño. Consistirá nunha proba escrita na que se avalía toda a materia impartida durante o curso. A cualificación da avaliación extraordinaria será a nota do exame redondeada por defecto.

Nas dúas semanas entre a avaliación final ordinaria (que se celebrará a partir do 6 de xuño) e a data da proba extraordinaria, realizaranse actividades de recuperación e de reforzo para o alumnado suspenso de cara á superación da proba extraordinaria.

### Criterios de cualificación.

Cada estándar de aprendizaxe valorarase entre 1 e 0 puntos, considerándose acadado se a puntuación do mesmo é de 0,5. Para valorar o grao de consecución de cada estándar, aplicarase a seguinte escala:

INDICADOR DE LOGRO	VALORACIÓN
Cuestión non respondida ou resposta non pertinente	0
Apórtase información insuficiente	0,25
Apórtase información suficiente, pero nun grao mínimo	0,50
Apórtase información que supera o grao mínimo pero incompleta ou con algún erro	0,75
Apórtase información completa e sen fallos	1

Cada estándar ten o mesmo peso ou ponderación (3,8% sobre o total). Tendo en conta a súa distribución estimada por avaliacións, o peso dos estándares quedaría como segue:

Avaliación	Primeira	Segunda	Terceira	Final
Nº estándares	7	9	10	26
% ponderación de cada avaliação na final	26,9 %	34,6 %	38,5 %	100 %

Se expresamos o peso dos estándares por bloques de contidos, teremos a seguinte distribución:

Bloque de materia	Nº estándares asociados	Avaliación	Ponderación do bloque no total
Bloque 1 (temas 1,2,3)	7	1ª	26%
Bloque 2 (temas 4,5,6,7)	9	2ª	35%
Bloque 3 (temas 8,9,10)	10	3ª	39%
	26		100%

A cualificación de cada avaliação vaise obter a partir da consideración das seguintes ponderacións:

PROCEDEMENTO	COMENTARIO	PONDERACIÓN
Probas específicas	Mínimo unha por trimestre	50%
Análise de producións do alumnado	Resolución de exercicios e problemas, exposicións orais, textos escritos, cuestionarios.  As cuestións propostas para casa tráense contestadas. Nas producións escritas esixirse boa presentación e limpeza.  Plan de empresa	40%
Observación e rexistro	Traballo en clase: seguimento das explicacións, realización das tarefas encomendadas.  Participación na clase: fanse achegas cando o solicita a profesora; pregúntanse dúbidas relacionadas coa materia.  Comportamento na aula: valoraranse negativamente as interrupcións do normal desenvolvemento da clase.	10%

## 8.9. Avaliación inicial

---

Nas sesións iniciais do curso levarase a cabo unha avaliación inicial consistente nunha proba para valorar os coñecementos previos do alumnado, así como as súas capacidades de expresión escrita, comprensión e razonamento. Esta proba servirá tamén para a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo

## 8.10. Medidas de atención á diversidade

---

A atención á diversidade é a resposta educativa axeitada ás distintas necesidades, intereses e capacidades que poida presentar o alumnado. No suposto de contar con alumnos con necesidades educativas especiais, será preciso adaptar metodoloxía, contidos e actividades ás capacidades e limitacións dos citados alumnos, aínda tratándose dunha etapa na que o ensino non é obligatorio.

De identificar distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, será necesario propor actividades de aprendizaxe diferenciadas:

Actividades de reforzo: abordaranse os conceptos claves da unidade, permitindo a adaptación para aquel alumnado que teña dificultades para alcanzar os coñecementos traballados.

Actividades de ampliación: por exemplo, indicacións de textos de lectura para alumnado máis avanzado, que lle permitan profundar nalgún aspecto concreto, favorecendo así o traballo autónomo.

## 9. Materias de Bacharelato: obxectivos para o curso

---

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. Entre os obxectivos xerais de Bacharelato, a cuxa consecución contribúe a materia de Economía, habería que destacar:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da

tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 10. Economía 1º Bacharelato

---

### 10.1. Introdución

---

Esta materia vai dirixida ao alumnado de 1º Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, como materia troncal de opción.

A Economía, como Ciencia Social, debe permitir ao alumnado o mellor coñecemento dunha sociedade na que os fenómenos económicos desempeñan un papel determinante. A formación que proporciona é imprescindible para comprender o mundo en que vivimos e dar resposta a moitos dos seus interrogantes. Así mesmo, o seu estudio debe contribuír a desenvolver nos alumnos e alumnas a capacidade para analizar criticamente a realidade económica, e a formar actitudes éticas e sociais fronte ós problemas que dita realidade presenta.

Ademais, a materia serve de preparación para a realización de estudos posteriores, sexan universitarios ou de formación profesional de grao superior, e para acceder ao mundo laboral.

### 10.2. Obxectivos da materia Economía 1º Bacharelato

---

1. Identificar e comprender o ciclo da actividade económica.
2. Distinguir os diferentes sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
3. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema e os acontecementos sociais.
4. Describir o funcionamento dos mercados e os seus límites, utilizando ferramentas conceptuais, analíticas e gráficas, e formulando un xuízo crítico do sistema e do papel regulador do sector público.

5. Reflexionar de xeito crítico acerca do funcionamento do sistema financeiro e da necesidade da súa regulación.
6. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas, a sobreexplotación de recursos naturais e os derivados da globalización da actividade económica.
7. Relacionar feitos económicos significativos co seu contexto social, político e cultural e natural aplicando a reflexión ás situacións cotiás, formulando xuízos de valor fundamentados.
8. Coñecer e comprender os trazos característicos da situación e perspectivas da economía española e de Galicia, analizando os efectos da súa integración ou participación no contexto económico internacional, e no europeo en particular.

### **10.3. Relación entre estándares de aprendizaxe disponibles e competencias a que contribúen**

---

Relación entre estándares de aprendizaxe availables e competencias a que contribúen							
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE						
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.		X		X			
ECB1.2.1. Analiza as respuestas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.		X	X		X		
ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios más recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.			X	X	X		
ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.			X	X	X		
ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.		X		X			
ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropriados para analizar problemas económicos concretos.	X	X	X				
Bloque 2. A actividade produtiva	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	X			X	X		
ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.		X			X		
ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	X	X					
ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma	X					X	

nun ámbito internacional.							
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE</b>		<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>					
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.				X		X	
ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	X		X				
ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.		X	X				
ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.		X	X				
ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.		X	X				
ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de producción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.		X	X				
<b>Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos</b>		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE
ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.		X	X				
ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.	X	X					
ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.		X	X				
ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamiento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	X	X					
ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito más inmediato.				X	X		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	COMPETENCIAS CLAVE						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervenientes nos diversos mercados.					X		
<b>Bloque 4. A macroeconomía</b>	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	X	X	X		X		
ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilizaas para establecer comparacións con carácter global.				X	X		
